



ORDE do ... de ... de 2017 pola que se regula a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.

A carne de porcos domésticos, xabaríns, cabalos e outras especies animais poden estar infestadas por nematodos do xénero *Trichinella*. As persoas que consuman carne infestada por triquinas poden caer gravemente enfermas. A Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) recoñece a presenza esporádica de triquinas na Unión, principalmente en porcos criados en liberdade e para autoconsumo. A EFSA sinalou, ademais, que o tipo de produción era o principal factor de risco de infestación por triquina. Polo tanto procede adoptar medidas para previr a enfermidade humana provocada polo consumo de carne infestada por triquinas.

O sacrificio para consumo doméstico privado das especies porcinas en réxime de matanza domiciliaria para o abastecemento familiar é un feito tradicional na nosa Comunidade Autónoma, polo que se fai necesario articular un sistema polo que as matanzas de animais da especie porcina para o seu autoconsumo poidan ser controladas no que se refire á análise da presenza de larvas de *Trichinella*.

No caso da especie porcina para consumo doméstico, é obxectivo da autoridade sanitaria competente garantir a existencia dun sistema que permita que as carnes de ditos animais se poidan someter a unha análise de detección de triquina conforme ao establecido na normativa vixente.

Existen diversos métodos de laboratorio autorizados para a detección de triquina en carnes frescas. O anexo I do Regulamento de execución (UE) 2015/1375 da Comisión de 10 de agosto de 2015 polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas na carne, establece cal é o método de detección de referencia, así como os métodos de equivalencia. O exame triquinoscópico non consegue detectar as especies *Trichinella* non encapsuladas que infestan a animais domésticos e salvaxes e a seres humanos, e non é un método adecuado de detección.

O Regulamento (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, establecía que as autoridades competentes podían designar unicamente laboratorios que funcionasen e estivesen avaliados e acreditados conforme a normas europeas.

A data de entrada en vigor desta obrigaón foi prorrogada en sucesivas ocasións, sendo a última o Regulamento de execución 2016/1843 da Comisión do 18 de outubro de 2016 polo que se establecían medidas transitorias de aplicación do Regulamento



882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire á acreditación dos laboratorios oficiais que realizan ensaios oficiais de *Trichinella*, abríndose un período transitorio ata o 31 de decembro de 2020.

A publicación do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, no seu artigo 40 exceptúa á condición de acreditación obrigatoria para determinados laboratorios oficiais, concretamente :

- aqueles cuxa única actividade consista na detección de triquinas na carne,
- que só utilicen para a detección de triquinas os métodos a que se refire o artigo 6 do Regulamento de Execución (UE) 2015/1375 da Comisión do 10 de agosto de 2015;
- que efectúen a detección de triquinas baixo a supervisión das autoridades competentes ou dun laboratorio oficial designado pola autoridade competente e acreditado de acordo coa norma EN ISO/IEC 17025 para a utilización dos métodos de referencia, e
- que participen regularmente e con resultados satisfactorios nos ensaios interlaboratorios comparados ou nos ensaios de aptitude organizados polos laboratorios nacionais de referencia para os métodos que os laboratorios oficiais utilicen para a detección de triquinas.

A Orde do 18 de outubro de 2010, pola que se crea a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a rede está composta polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e as unidades de análises localizadas nos matadoiros que realizan os controis oficiais de triquina conforme a lexislación vixente, utilizando os métodos a que se refire o artigo 6 do citado Regulamento 2015/1375 do 10 de agosto de 2015. Esta rede está capacitada para a detección de triquinas na carne de porcos domésticos, polo que se considera axeitado o uso desta rede de acordo cos métodos autorizados para a análise de triquinas en carnes de porcos para autoconsumo.

Por outra banda, o 20 de novembro de 1995 foi publicada no DOG a Orde do 30 de outubro de 1995 pola que se regula o programa de control sanitario das matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo, coa que se articulaba un sistema para que as carnes de matanzas domiciliarias dos porcos para autoconsumo non foran consumidas sen que se realizaran as análises de triquina correspondentes.

Tras a publicación do Regulamento (CE) nº 2075/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas na carne e as súas modificacións, así como a derogación deste polo Regulamento 2015/1375 do 10 de agosto, faise necesaria a adaptación dos métodos autorizados de análises parasitolóxicas, polo que se fai necesario derogar a Orde do 30 de outubro de 1995.



Porén búscase facilitar a facultade que ten a cidadanía de poder solicitar a análise parasitolóxica dos porcos sacrificados en réxime de matanzas domiciliarias, de grande tradición na nosa comunidade autónoma.

Por todo o exposto, a Consellería competente en materia de sanidade debe establecer as condicións requiridas aos laboratorios de análises de triquina para poder ser designados laboratorios oficiais. Faise necesario, ademais, articular un sistema -de solicitude voluntaria pola cidadanía- polo cal as carnes procedentes das matanzas domiciliarias, non sexan consumidas sen que se realicen as análises parasitolóxicas de presenza de triquina correspondentes, polos métodos de laboratorio autorizados para a detección de triquina nas carnes frescas.

Por todo o anterior e de acordo co disposto no artigo 33.1º do Estatuto de Autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO

Artigo 1. *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto establecer:

- a) As condicións baixo as que se manterá a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a designación do laboratorio de control oficial para análise de triquina na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as condicións que deberán cumprir as unidades de análises dos matadoiros de Galicia que queiran ser integrados dentro da rede para participar no control oficial.
- b) O procedemento polo que as persoas interesadas poderán solicitar a realización de análise para a detección de triquina en carnes procedentes de matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.

Artigo 2º. *Rede integrada de Laboratorios de diagnóstico de Triquina*

1. A Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina da Comunidade Autónoma de Galicia configúrase como unha estrutura de natureza científico-técnica composta polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia e polas unidades de análises integradas.



2. O Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, de natureza pública, dependente da Consellería competente en materia de Sanidade, actuará como laboratorio central acreditado. Este laboratorio, a través da unidade de parasitoxía, ten a responsabilidade da coordinación e supervisión do funcionamento das distintas unidades de análises.

3. As unidades de análises localizadas nos matadoiros de Galicia que realicen controis de triquina, e que se integren na Rede, dividiranse en dúas seccións:

a) Sección I: As unidades que realicen unicamente controis de triquina para autocontrol propio. Estas unidades integranse na Rede de conformidade co previsto no artigo 5.

b) Sección II: As unidades que realicen ademais controis de triquina de carne procedente de matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.

Artigo 3º. Dirección científico-técnica da rede

A dirección científico-técnica da Rede levará a cabo o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, a través da unidade de parasitoxía, o cal realizará as seguintes funcións:

a) Establecer os criterios e liñas de actuación da actividade das unidades de análises integradas na rede, así como os parámetros científico-técnicos e organizativos das mesmas.

b) Establecer e poñer en funcionamento unha rede informática para a interconexión e intercambio de datos relativos á detección e identificación de riscos.

c) Establecer os contactos necesarios con outras redes de detección ou alerta no ámbito do control sanitario.

d) Elaborar protocolos de primeira actuación e resposta rápida.

e) Procurar a posta en marcha de novas técnicas de detección e identificación.

f) Coordinar a intervención adecuada das unidades de análises integradas na rede, así como as derivadas das actuacións que requiran a súa intervención.



- g) Realizar funcións de apoio e coordinación dos medios científico-técnicos necesarios para a toma de decisións en situacións de urxencia ou noutras que requiran de actuacións coordinadas no seu ámbito de actuación.
- h) Establecer os requisitos formativos mínimos do persoal para o correcto exercicio das funcións encomendadas á rede.
- i) Revisar o sistema mediante a realización de auditorías internas.
- j) Dispoñer dun adecuado control do cumprimento por parte das unidades analíticas dos requisitos esixidos pola norma EN ISO/IEC 17025 e que veñen establecidos no Manual de calidade, procedementos xerais e procedementos normalizados de traballo.
- k) Outras funcións que lle sexan asignadas ou encomendadas polas autoridades sanitarias.

Artigo 4º. Unidades de análises integradas

1. As unidades de análises integradas cumprirán os requisitos técnicos e de calidade establecidos polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, así como os protocolos, directrices e liñas de actuación emanados deste no exercicio das funcións encomendadas.
2. A súa única actividade consistirá na detección de triquina na carne, mediante os métodos aos que se refire o artigo 6 do Regulamento (UE) 2015/1375 do 10 de agosto de 2015.
3. Efectuarán a detección de triquinas baixo a supervisión do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, acreditado de acordo coa norma EN ISO/IEC 17025 para a utilización dos citados métodos analíticos.
4. Participarán regularmente e con resultados satisfactorios nos ensaios interlaboratorios comparados ou en ensaios de aptitude organizados polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia para os métodos que estas unidades utilicen para a detección de triquinas.
5. Os controis realizados polas unidades integradas da sección I (para autocontrol propio) formarán parte do control oficial dos produtos, e poderán facer mención nos seus informes á súa condición de unidades integradas na Rede.



6. O persoal dos servizos oficiais de Saúde Pública con destino nun matadoiro con unidade de análise integrada exercerá, para todos os efectos, as funcións de responsable técnico dela.

7. Na páxina web da Consellería de Sanidade figurará a listaxe das unidades analíticas integradas, coas seccións que lles correspondan, así como os días e horarios nos que se recollen as mostras de porco de matanzas domiciliarias, para os efectos de realizar o control consonte o disposto no artigo 7.

Artigo 5º. Procedemento de integración das unidades de análises localizadas nos matadoiros de Galicia que realicen controis de triquina

1. O procedemento de integración iniciárase coa presentación pola entidade interesada dunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos esixidos, segundo o modelo establecido no anexo I, e cos efectos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. A declaración responsable dirixirase á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería competente en materia de Sanidade e presentárase necesariamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das entidades interesadas presenta a declaración responsable presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. A Dirección Xeral de Saúde Pública poderá verificar, en calquera momento, o cumprimento dos requisitos establecidos no anexo I, e ditará a correspondente resolución acordando a integración ou non da unidade na rede. Contra esta resolución poderase recorrer en alzada ante a persoa titular da Consellería competente en materia de Sanidade, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



4. Cando se constate que unha unidade de análise integrada incumpre os requisitos, protocolos, directrices, criterios ou liñas de actuación establecidos polo laboratorio central, ou ben cando se detecten irregularidades con ocasión da realización de actividades de inspección ou control oficial, a Dirección Xeral de Saúde Pública poderá, previa audiencia do/a titular da unidade afectada, acordar a exclusión desta da rede. Este acordo poderase recorrer igualmente en alzada.

A exclusión da rede poderase realizar tamén a instancia da persoa ou entidade titular da unidade de análise.

Artigo 6. Control sanitario de triquina de carnes da especie porcina para consumo doméstico privado procedentes de matanzas domiciliarias

1. As carnes dos porcos e os seus produtos, procedentes de matanzas domiciliarias, destinaranse unicamente ao autoconsumo ou consumo doméstico privado, quedando prohibida a súa comercialización.

2. Para estes casos de matanzas domiciliarias, as persoas interesadas poden solicitar a realización de análise de triquina con técnicas oficialmente recoñecidas, para o cal deberán:

- a) Abonar o importe da taxa por cada análise de mostra solicitada.
- b) Formular a solicitude de realización da análise parasitolóxica, segundo o modelo recollido no anexo II.
- c) Realizar a toma de mostras para a súa análise, como se mostra no anexo III.

A mostra de cada animal será tomada pola persoa interesada e consistirá nunha cantidade mínima de 50 g composta polos pilares do diafragma, maseteros e/ou base da lingua de cada porcino de autoconsumo sacrificado, identificando sempre cada unha das mostras de forma inequívoca de modo que poida identificarse a procedencia do porco a través do Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA) da explotación.

d) Entregar a mostra á unidade de análise de triquina seleccionada, xunto coa solicitude de análise e o documento xustificante de abono da taxa. A entrega deberá facerse de forma persoal ou mediante autorización escrita a unha terceira persoa.



A data e hora na que se vai a realizar a entrega das mostras deberán axustarse ás establecidas para a unidade de análise de triquina seleccionada, das que figuran na páxina web da Consellería competente en materia de sanidade

Artigo 7. Recepción das mostras

As unidades analíticas integradas poderán rexeitar a recollida de mostras que non reúnan as características anatómicas segundo establece a letra c) do artigo anterior ou cando, polo estado das mesmas, non sexa posible sometelas á análise, así como tamén aquelas que non aboaran a taxa correspondente.

Artigo 8. Análise e notificación de resultados

As unidades analíticas integradas realizarán a análise parasitolóxica buscando a presenza de *Trichinella Spp* nas mostras que lles sexan entregadas, e emitirán no prazo de 48 horas hábiles un ditame co resultado da análise, segundo o modelo recollido no anexo IV que será notificado á persoa interesada polo medio que tivera elixido.

Artigo 9. Dedución das taxas

As persoas titulares dos matadoiros, que se acollan á realización das análises parasitolóxicas de triquina debidas ás matanzas domiciliarias, poderán deducir a parte correspondente aos custes xerados pola análise. A dedución descontarase da taxa xerada polo concepto de inspeccións e controis sanitarios oficiais de carnes frescas en matadoiros.

Disposición adicional única. Unidades analíticas anteriormente integradas

1. As unidades de análises de triquina que formaban parte da Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina da Comunidade Autónoma de Galicia, creada pola Orde do 18 de Outubro de 2010, continuarán formando parte da sección I dela, sen prexuízo de que as autoridades competentes deban de oficio, proceder á cancelación daquelas que non cumpran cos requisitos esixidos.
2. A Consellería competente en materia de Sanidade requirirá a todas as unidades da Rede unha declaración sobre a súa inclusión na Sección II, emitindo neste caso, unha resolución.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde, e expresamente a Orde do 30 de outubro de 1995 pola que se regula o programa de control sanitario das matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para autoconsumo, e a Orde do 18 de outubro de 2010, pola que se crea a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de execución*

Facúltase a persoa titular da dirección xeral de Saúde Pública para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ... de ... de 2017

Jesús Vázquez Almuiña

Conselleiro de Sanidade



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INTEGRACIÓN DAS UNIDADES DE ANÁLISE NA REDE INTEGRADA DE LABORATORIOS DE DIAGNÓSTICO DE TRIQUINA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	SA357A	DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA PERSOA DECLARANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE						
● Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@, https://notifica.xunta.gal						
Notifíquese a:						
● Persoa interesada ● Persoa representante						
Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Ao elixir esta modalidade de notificación vostede autoriza a alta no Sistema Notific@. Os avisos da posta a disposición da notificación enviaranse ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:						
TELÉFONO MÓBIL			CORREO ELECTRÓNICO			
● Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)						
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

DATOS DA UNIDADE DE ANALISE INTEGRADA					
NOME COMERCIAL					
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA			LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
☐ SECCIÓN I ☐ SECCION II					

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que a unidade de análise indicada cumpre cos requisitos establecidos no Anexo I da Orde do **xx do xxxxx** de 2017, pola que se regula a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.
2. Que a unidade manterá o cumprimento dos requisitos técnicos e de calidade establecidos polo Laboratorio central acreditado, así como os protocolos, directrices e liñas de actuación emanados deste no exercicio das funcións encomendadas durante a vixencia da actividade.
3. Que a entidade titular da unidade de análise comprométese a comunicar calquera variación nas condicións declaradas, así como calquera incidencia que puidese afectar a calidade das funcións que se van desenvolver.
4. Que todos os datos contidos nesta declaración responsable son certos.

5. Que coñece os requisitos exixibles das unidades de análises integradas:

1.-Requisitos estruturais:

- 1.1.Contar cun local coas instalacións e condicións ambientais axeitadas para a realización da técnica conforme a norma UNE/EN ISO 17025.
- 1.2.Contar cos equipos e materiais funxibles necesarios para a realización da técnica conforme ao Regulamento (UE) nº 2015/1375, de 10 de agosto, polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais de presenza de triquinas na carne.
- 1.3.As unidades analíticas serán responsables da calibración e mantemento dos equipos que utilicen para a realización da técnica.

2.-Requisitos de persoal:

- 2.1.Dispor dos medios humanos necesarios e con formación axeitada para a realización da técnica. Deberase enumerar a relación de persoal auxiliar de que dispón e súa cualificación.
- 2.2.Este persoal deberá realizar as tarefas que veñen descritas no Manual de Calidade do Laboratorio Central, en relación coa unidade analítica:
 - Xestión do almacén de material funxible
 - Preparación dos ensaios.
 - Manexo das mostras.
 - Cumprimentación das follas de traballo.
 - Cumprir coas responsabilidades que se lle asignen nos distintos documentos do sistema de calidade.

3.-Requisitos de calidade:

- 3.1.As unidades analíticas deberán cumprir todos os requisitos esixidos polo Sistema de Calidade implantado no laboratorio Central do que van a depender.
- 4.-Cada unidade será responsable da súa financiación en relación a: persoal auxiliar, equipos e material funxibles necesarios, mantemento e calibración de equipos, e custos derivados da implantación do sistema de calidade, da acreditación e do seu mantemento.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

☐ Copia do NIF, DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Autorizo á **Consellería de Sanidade** a consultar os datos de validación de NIF da persoa declarante que consta en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

● Si ● Non (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Sanidade co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade como responsable do ficheiro, solicitando por escrito e acreditando fidedignamente a súa identidade ou a representación que ostente, de conformidade coa normativa vixente.

(Normas aplicables ao procedemento)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do **xx** de **xxxxx** de 2017 pola que se regula a Rede Integrada de Laboratorios de Diagnóstico de Triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliarias de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.
Orde do 28 de xullo de 2016 pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Sanidade.

(Cadro de sinatura)

SINATURA DA PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Dirección Xeral de Saúde Pública

ANEXO II

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DE ANÁLISE PARASITOLÓXICO	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO				
REGA DE AUTOCONSUMO						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

(Datos de notificación - elixir un dous seguintes dous cadros a disposición dependendo de se o procedemento prevé as notificacións electrónicas e postais ou só as postais)

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE						
Notifíquese a:		● Persoa interesada		● Persoa representante		
● Electrónica						
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				
● Postal (cubrir ou endereito postal só se é distinto do indicado anteriormente)						
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:	
1. Que as mostras que presento proceden duns animais da especie porcina sacrificados en réxime de matanza domiciliaria para o consumo particular	
2. Que non se destinará á venda ou outro fin distinto do consumo propio	
3. Que me comprometo á destrución total destas carnes de resultar positivo as análises, segundo a regulamentación vixente	
4. Que todos os datos contidos nesta declaración responsable son certos.	

SOLICITO
Que sexa efectuado a análise parasitolóxica das mostras de carne de porco doméstico, que quedan rexistradas cos números.....

--

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde de xx de xxxxxx de 2017 pola que se regula a Rede Integrada de laboratorios de Diagnóstico de triquina e o procedemento para solicitar o control sanitario da triquina nas matanzas domiciliares de animais da especie porcina para o seu autoconsumo.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data						
	,		de		de	

Unidade analítica do matadouro



Anexo III

Toma de mostras para análise parasitolóxica de triquina

RECOMENDACIÓNS: No caso da matanza de varios animais deben tomarse as mostras por separado e identificando a cada animal ao que corresponden, de **forma clara** e ademáis deberase poder identificar a cabeza coa canal da que proceda cada mostra, ata ter os resultados das análises.



Desta forma, en caso de que o resultado se detectara presenza de triquina, poderíase retirar rapidamente do consumo e eliminarse según as normas correspondentes.

PROTOCOLO DE RECOLLIDA DE MOSTRAS DE PORCOS DE EXPLOTACIÓNS PARA AUTOCONSUMO:

1. As mostras deben ser tomadas en **cantidade suficiente** que será un mínimo de **50 g /canal**. O peso das mostras de carne entenderase libre de toda graxa ou fascias.
2. **Os tecidos de elección serán:** os pilares do diafragma, na zona de transición entre a parte muscular e a parte tendinosa.
3. Cuando NON se dispoña dos pilares do diafragma deberase tomar da parte de diafragma situada cerca das costelas ou do esternón, ou dos maseteros ou a lingua.
4. As mostras vendrán **identificadas** em una bolsa por cada canal de animal sacrificado.


Se adjuntan fotos y esquema de descripción de los lugares de elección de la canal.

Pilares do diafragma:







Parte do diafragma situado preto das costelas ou do esternón:



Maseteros:




Língua:





TOMA DE MOSTRAS PARA A ANÁLISE DE TRIQUINA DE PORCOS
DE EXPLOTACIÓNS DE AUTOCONSUMO



PILARES DO DIAFRAGMA

MÚSCULOS INTERCOSTAIS

MASETEROS
(CARRILLERAS)



Anexo IV

Ditame análise parasitolóxica

O Veterinario/a Inspector/a de Saúde Pública de Matadoiro, con código persoal..... DECLARA:

Que a análise parasitolóxica realizada á mostra número.....deu un resultado (rísquese o que non proceda)

DETÉCTASE PRESENZA DE TRIQUINA (POSITIVO)

NON SE DETECTA A PRESENZA DE TRIQUINA (NEGATIVO)

O que se pon en coñecemento do propietario da mostra. Recórdaselle que é necesario destruír a carne en caso de resultado positivo segundo se establece nos Regulamentos CE nº 1069/1999 e 142/2011.

....., de de 20

Asdo.: